

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DO ALCALDE.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 13:00 horas do día trece de xuño de dous mil quince, reúnen, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e catro de maio de dous mil quince, e que son os seguintes, pola orde da Acta de proclamación de electos:

D. Gonzalo Concheiro Coello

D^a. María Jesús Novo Gómez

D. Elisardo Montero Castro

D. Rogelio Sueiro Carro

D. Luis Rico Vereá

D. José Luis Rivas Cruz

D^a. Raquel Val Vázquez

D^a. Ana Ledo Fernández

D^a. Sandra Sánchez Iñiguez

D. José Balado Casal

D. Abelardo Seoane Vázquez

Actúa como Secretario o da Corporación, D Eladio Bendaña Pardo.

1.- LECTURA ACTA DE PROCLAMACIÓN DE ELECTOS, INFORMACIÓN SOBRE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL

Pola Secretaría do Concello, ás 13:00 horas, pásase a dar lectura a acta de proclamación de concelleiros electos, formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, con data 29 de maio de 2015, en relación coas eleccións locais do 2015 na circunscrición electoral de Boimorto, e na que se contén:

<<

Número de electores: 1.935

Número de votantes : 1.568

Número de votos a candidaturas : 1.522

Número de votos válidos: 1.549

Número de votos nulos: 19

Número de votos en branco : 27

Número de votos e electos obtidos por cada candidatura:

Candidaturas	Votos obtidos	nº de electos
Partido Popular	687	5
Bloque Nacionalista Galego -Asambleas Abertas	297	2
Partido dos Socialistas de Galicia --PSOE	538	4

De acordo cos resultados expresados neste cadro, proclámanse electos ós seguintes candidatos:

D. Gonzalo Concheiro Coello (PP)

D^a. María Jesús Novo Gómez (PP)

D. Elisardo Montero Castro (PP)

D. Rogelio Sueiro Carro (PP)
D. Luis Rico Vereá (PP)
D. José Luis Rivas Cruz (BNG)
D^a. Raquel Val Vázquez (IND) (BNG)
D^a. Ana Ledo Fernández (IND) (PSdeG-PSOE)
D^a. Sandra Sánchez Iñiguez (IND) (PSdeG-PSOE)
D. José Balado Casal (IND) (PSdeG-PSOE)
D. Abelardo Seoane Vázquez (IND) (PSdeG-PSOE)

E non consta a presentación de reclamación, protesta ou recurso ante a proclamación.

A continuación, o Secretario indica que todo os concelleiros electos da Corporación, teñen presentado, ós efectos de cumprimentar o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o artigo 30.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a declaración dos seus bens patrimoniais, así como tamén a referente a causas de posible incompatibilidade e de actividades, na forma que se establece nos mencionados textos legais.

Así mesmo, fai constar que se cumprimentou o requisito preceptuado no artigo 7 do citado R.O.F., relativo ás credenciais, como trámite previo legal para este acto.

De seguido, e en cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986, polo Sr. Interventor do Concello dáse lectura a acta de arqueo extraordinario levado a cabo o doce de xuño de 2015, e que de seguido se transcribe literalmente:

<< Constituídos na Tesourería Municipal deste Concello os Claveros que asinan, señores:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIONS: D^a. Ana Ledo Fernández

INTERVENTOR: D. Eladio Bendaña Pardo

TESOUREIRO: José Ángel Rey Seoane

coa finalidade de presentar o estado sobre a situación de existencias do Concello de Boimorto ó Pleno de constitución da nova Corporación a celebrar o día trece de xuño de dous mil quince, en virtude do regulado no artigo 36.3 do R.D. 2568/86 do R.O.F., procédese a efectuar o Arqueo de Fondos existentes obténdose o seguinte resultado a día 12 de xuño de 2015:

Existencias en Caixa Corporación.....	729,51 €
Existencias en Contas Bancarias.....	322.069,32 €
Conta Abanca oficina de Boimorto 2080-0336-74-3110000079	248.588,46 €
Conta Banco Santander oficina de Boimorto 0030-6218-90-0375100273	73.480,86 €
Existencias avais en metálico.....	38.824,47 €
Existencias avais en valores.....	127. 826,01 €
TOTAL.....	489.449,31 €

E para que así conste exténdese a presente acta que asinan os expresados señores no lugar e data indicados.

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIONS

INTERVENTOR

TESOUREIRO

Asdo.: Ana Ledo Fernández

Asdo.: Eladio Bendaña Pardo

Asdo.: José Ángel Rey Seoane>>

Así mesmo, o Secretario recorda ós membros electos a obriga do Concello de ter un Inventario de Bens segundo ó disposto no artigo 86 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece que *“As Entidades Locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación”*

2.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

A continuación, polo Secretario actuante se sinala que, de conformidade co previsto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, as Corporacións municipais constitúense en sesión pública o viséximo día posterior á celebración das eleccións. A tal fin constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como secretario/a o/a que o sexa da Corporación, polo que o concelleiro electo de maior idade, D. Rogelio Sueiro Carro, pasa a presidir a Mesa de Idade acompañado como vogal pola concelleira electa de menor idade, D^a. Sandra Sánchez Iñiguez. Queda constituída a Mesa de Idade polos concelleiros/as electos/as de maior e menor idade indicados xunto co Secretario da Corporación.

3.- COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS, XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO, TOMA DE POSESIÓN E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

De seguido, e estando presentes a totalidade dos once concelleiros electos, e téndose presentado con carácter previo á celebración desta sesión na Secretaría do Concello as credencias dos mesmos, polo Secretario actuante se indica que coinciden coa Acta de proclamación de electos lida no inicio da presente sesión.

A continuación, e para tomar posesión dos seus cargos, o Secretario da Mesa indica que para dar cumprimento ó disposto no art. 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, os concelleiros electos serán nomeados pola orde do acta de proclamación de electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona, tendo que prestar xuramento ou promesa baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (B.O.E.núm. 83 do día 6): ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Boimorto con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Os concelleiros electos son citados pola orde da Acta de proclamación de electos, respondendo:

D. Gonzalo Concheiro Coello: sí, xuro

D^a. María Jesús Novo Gómez: sí, xuro

D. Elisardo Montero Castro: sí, xuro

D. Rogelio Sueiro Carro: sí, xuro

D. Luís Rico Vereas: sí, xuro

D. José Luis Rivas Cruz: sí, prometo, por imperativo legal

D^a. Raquel Val Vázquez : sí, prometo, por imperativo legal

D^a. Ana Ledo Fernández: sí, prometo

D^a. Sandra Sánchez Iñiguez: sí, prometo

D. José Balado Casal: sí, prometo

D. Abelardo Seoane Vázquez: sí, prometo

Unha vez cumpridos os trámites preceptivos, a Mesa declara constituída formalmente a Corporación Municipal de Boimorto.

4.- ELECCIÓN DO ALCALDE, XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN

De seguido procederáse á elección do Alcalde sinalando o Secretario que de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral:

<<a) Poden ser candidatos a alcalde todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que teña obtido o maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo...>>

Seguidamente polo Secretario indícase que o sistema da votación que en principio se debe seguir para a elección do Alcalde é o ordinario de man alzada. Non obstante, se se quere elixir ao Alcalde por votación nominal, ou secreta, requerirá a solicitude de algún grupo neste sentido e ser aprobado por maioría simple, ou absoluta, respectivamente, dos concelleiros presentes, todo isto de conformidade co artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local en relación co 102 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais. Non habendo manifestacións ó respecto, votárase a man alzada. En canto ás candidaturas á Alcaldía, serían candidatos os concelleiros que encabezaron as súas correspondentes listas, salvo que algún renuncie expresamente neste intre.

Pide a palabra a Sra. Ledo, que encabeza a lista, como independente, do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, e manifesta que retira a súa candidatura á Alcaldía.

En consecuencia, son candidatos á Alcaldía:

D. Gonzalo Concheiro Coello, que encabeza a lista do Partido Popular.

D. José Luis Rivas Cruz, que encabeza a lista do Bloque Nacionalista Galego.

De seguido procedese á votación, obténdose o seguinte resultado:

NOME DO CANDIDATO	VOTOS OBTIDOS
D. Gonzalo Concheiro Coello	5 (CINCO)
D. José Luis Rivas Cruz	6 (SEIS)

En consecuencia, queda proclamado Alcalde o candidato que obtén a maioría absoluta dos votos, D. José Luis Rivas Cruz.

De seguido indica o Secretario que, para tomar posesión do seu cargo, procede o xuramento ou promesa do Sr. Alcalde baixo a fórmula antes indicada ¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Boimorto con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, respondendo o Sr. Rivas: Sí, prometo, por imperativo legal.

De seguido, o Sr. Rivas toma posesión do cargo de Alcalde e pasa a ocupar a presidencia da sesión.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e manifesta que aínda me vedes coa sorpresa na cara. Éste é un principio de acordo que aínda ten que materializarse. Se houberse fisuras esta Alcaldía voltaría a este Pleno. Prometo transparencia e traballo ao servizo dos intereses dos veciños de Boimorto. Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as trece horas e vinte minutos.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- José Luis Rivas Cruz